



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO CONSERXE (2ª MODIFICACIÓN).

Por Resolución desta Alcaldía nº 145/2025 de data 30 de abril de 2025 aprobouse a actualización (2ª modificación) da bolsa de emprego para provisións de persoal na categoría de Conserxe.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 5 de maio de 2025. O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ACTUALIZACIÓN LISTAXE CANDIDATOS CONSERXE

EXPEDIENTE: 2025/G003/000148

ANTECEDENTES:

Por Resolución desta Alcaldía núm. 211/2023, de data 11 de maio de 2023, aprobouse a listaxe de aspirantes (bolsa de emprego) para o posto de CONSERXE, elaborada con respecto dos principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade, publicidade, liberdade de concorrência e non discriminación, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional, cos aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición, por orde de puntuación obtida no proceso selectivo segundo a proposta do Tribunal cualificador de data 13/07/2022, e realizada segundo as bases reguladoras do proceso de selección e provisión en propiedade, por persoal funcionario de carreira, dunha praza de Conserxe, incluída na OEP do Concello de Monfero de 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada en data 29 de xullo de 2021, e publicadas no BOP núm. 148, do 6 de agosto de 2021, modificado no núm. 153, do 13 de agosto, así como no DOG núm. 171, do 6 de setembro, e no BOE núm. 2021.

Por Resolución desta Alcaldía número 021/2025 de data 17/01/2025, logo de realizados os chamamentos para cubrir o posto de Conserxe durante o período de excedencia voluntaria por coidado de familiar solicitado polo funcionario de carreira que ocupa o posto, e logo de ver os escritos de renuncia e escusas presentados por distintos candidatos da listaxe, aprobouse a actualización da listaxe indicada no punto anterior.

Por Resolución da Alcaldía número 017/2025, de data 15 de xaneiro, nomeouse á persoa que responde ás iniciais dR.dR.,A., funcionario interino para o posto de Conserxe do Concello de Monfero, para a substitución transitoria da persoa titular, durante o tempo estritamente necesario e como máximo ata o 10 de xaneiro de 2027.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Logo de ver a renuncia voluntaria presentada polo citado funcionario interino, e a Resolución desta Alcaldía número 128/2025 de data 15/04/2025 pola que se acepta a súa renuncia e se acorda o cesamento do citado funcionario no posto que ocupa, e tendo en conta as dilixencias e resto da documentación que constan no correspondente expediente electrónico.

De acordo cos criterios establecidos na base 12.5 da convocatoria, que literalmente di:

- Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaren ao posto ou non presentasen a documentación no prazo de tres días naturais, manifestando o seu interese de continuar na listaxe, perderán o seu lugar na Bolsa, pasando a ocupar o último posto nela por un período dun ano. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados motivadamente pola Alcaldía, entre os que non se incluírá o de estar traballando no momento do chamamento, agás que sexa para o Concello.

Os que non manifestasen o seu interese de continuar na listaxe, deixando constancia escrita, serán excluídos dela.

Se calquera dos aspirantes renunciase a formar parte da listaxe, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Excluír da listaxe aprobada por Resolución da Alcaldía número 211/2023, de 11 de maio, e actualizada pola Resolución 021/2025 do 17/01/2025, á persoa que responde ás iniciais dR.dR.A., pola súa renuncia, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada en data 29 de xullo de 2021, e publicadas no BOP núm. 148, do 6 de agosto de 2021, modificado no núm. 153, do 13 de agosto

2.- Modificar o número de orde na listaxe aprobada por Resolución da Alcaldía número 211/2023, de 11 de maio, modificada, así mesmo, pola Resolución 021/2025 do 17/01/2025, segundo o establecido nas bases aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada en data 29 de xullo de 2021, e publicadas no BOP núm. 148, do 6 de agosto de 2021, modificado no núm. 153, do 13 de agosto, que quedará na seguinte orde, inicialmente, ata o 16/01/2026:

NÚM.	APELIDOS E NOME ASPIRANTES	CUALIFICACIÓN TOTAL
1.	S.L., J	12,45
2.	V.N, M	12,30
3.	I.M., A.L.	12,05
4.	P.V., M.	14,15
5.	B, I.F.	13,60

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

3.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello de Monfero, como establecen as bases aprobadas e publicadas para regular a convocatoria, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e ás demais interesadas, indicando que, contra este acordo, as persoas interesadas poderán facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas

Monfero, 5 de maio de 2025

O Alcalde en funcións,

Alberto Cortizas Rejo